CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	- Utilización de estratexias para intervir en situacións interactivas breves próximas á experiencia do alumnado en diferentes soportes apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	-Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	-Inferir e explicar textos sinxelos, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	-Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	-Identificar semellanzas e diferenzas entre as linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	- Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	-Rexistar a progresión e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira e seleccionar as estratexias máis eficaces para superar dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	-Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	-Valorar a importancia da diversidade cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	-Aplicar, de forma guiada, estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a

Contidos

- afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

Empregarase unha metodoloxía que axude a desenvolver por igual as catro destrezas lingüísticas (Reading, Writing, Listening, Speaking) co fin de acadar a comunicación en inglés. O desenvolvemento das mesmas será sistemático e

terá como obxectivo a fluidez. Os textos para as actividades, tanto de comprensión oral como de comprensión escrita, serán variados para desenvolver tódalas competencias. A súa complexidade irá aumentando progresivamente. As actividades de expresión oral e escrita proporcionaranlle ao alumnado a oportunidade de comunicarse libremente e desenvolver a fluidez para lograr unha comunicación eficaz. O proceso de escritura será tamén un punto fundamental; a súa introdución será gradual e o control destas tarefas será paulatinamente menor.

En resumo, poñerase énfase nas funcións da linguaxe e no uso comunicativo do idioma. Realizaranse actividades para a práctica da lingua oral e escrita, cuxo obxectivo será a exactitude e precisión no uso de estruturas e conceptos. Fomentarase o uso de termos gramaticais básicos, a relación da gramática inglesa coa propia (similitudes e diferenzas); o léxico será variado e presentarase de forma gradual. O tratamento da pronunciación será sistemático, centrándonos no recoñecemento de sons, acento, ritmo e entoación e na súa produción. A consolidación e revisión do aprendido e practicado serán unha constante ao longo do curso. Propiciarase a reflexión sistemática sobre o inglés como medio de comunicación e animarase ao alumnado a reflexionar sobre as normas e uso da lingua; a personalización do aprendido; a interiorización das estruturas propias da lingua estranxeira e a dedución de regras gramaticais, proporcionándolles as destrezas necesarias para que cheguen a ser máis autónomos. Para facilitarlles isto último e para que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe, realizarán actividades que lles proporcionarán a oportunidade de reflexionar sobre ese proceso, pensar en estratexias de comunicación, avaliar o seu propio progreso e desenvolver técnicas de estudo. Potenciarase a interacción e comunicación entre o alumnado. Para lograr este fin sempre consideramos idóneo o traballo colaborativo en parellas ou en grupos reducidos e heteroxéneos, así como outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo. Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e caderno de traballo do alumnado: Choices 2 Student's Book & Workbook
Sección de Student's Zone da web www.burlingtonbooks.es
Medios audiovisuais: ordenador, pizarra dixital, pack dixital do libro de texto e do caderno de traballo do alumnado.
Aula Virtual do IES
Material en papel: revistas e libros de lectura dispoñibles na biblioteca.
Recursos e material de internet.
Edixgal (Educación Dixital)
Recursos DUA

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través de procedementos variados. Poderá facerse unha proba inicial de valoración do alumnado, onde se avalíen os coñecementos previos en canto a estruturas morfosintácticas, léxico, comprensión lectora, expresión escrita e comprensión oral. Polo que respecta á expresión oral, poderá avaliarse mediante a observación, realizando actividades que desenvolvan a destreza lingüística oral. Os resultados destas probas permitirán establecer os niveis académicos do grupo e do alumnado individualmente, e así deseñar as estratexias pertinentes para impartir docencia efectiva. Durante as primeiras semanas do curso académico procederase a facer un repaso dos contidos do curso anterior, polo xeral recollidos ao principio da maioría dos libros de texto (Introduction). Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das competencias de cada alumno/a (habilidades, estratexias, destrezas, manexo de procedementos). Ademais, coma en tódolos cursos, contaremos coa axuda do departamento de Orientación para calquera información esencial que o profesorado necesite saber sobre calquera alumno/a en concreto. A partir da avaliación inicial, e sempre que se considere necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	3	13	13	13	13	12	13
Proba escrita	58	58	58	58	58	58	58
Táboa de indicadores	42	42	42	42	42	42	42

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	58	58	58
Táboa de indicadores	42	42	42

Criterios de cualificación:

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. Use of English (coñecementos de léxico común, estruturas gramaticais, morfossintácticas e discursivas, os patróns acentuais, rítmicos e de entoación, e as convencións ortográficas de uso común): 25%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

2. Listening (comprensión oral): 15%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

3. Reading (comprensión escrita): 20%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

4. Speaking (producción oral): 15%

Instrumentos de avaliación: proba oral, observación na clase, rúbricas/guía de corrección.

5. Writing (producción escrita 70-80 words): 15%

Instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbricas/guía de corrección.

6. Realización de tarefas varias (composición de textos, exercicios de comprensión lectora e oral, práctica e revisión de estruturas gramaticais, tempos verbais, verbos irregulares, vocabulario e pronunciación por medio de diferentes deportes, etc.): 10%

Instrumentos de avaliación: observación na clase, rexistro de tarefas, probas escritas e rúbricas/guía de corrección.

O alumnado poderá obter ata 0,5 puntos adicionais na cualificación trimestral mediante a lectura de libros ou relatos breves en lingua inglesa, que serán asignados a cada alumno pola profesora responsable da materia.

Para poder participar nesta actividade voluntaria, o alumnado deberá comunicalo formalmente á profesora dentro do prazo establecido. Unha vez rematado este prazo, non se admitirán lecturas adicionais nin se computarán actividades realizadas fóra do calendario previamente fixado. A verificación da comprensión de lectura realizarase mediante unha proba de avaliación oral ou escrita, elaborada con diversidade de exercicios que permitirán valorar diferentes destrezas lingüísticas.

A interacción, mediación interculturalidade e o plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe ,están vinculadas a todos os apartados anteriores, polo cal se avaliarán conxuntamente. Usaranse como instrumentos de avaliación as probas escritas / orais, observación na clase, rexistro de tarefas, rúbricas / guías de corrección.

A avaliación da materia será sempre continua e sumativa. Ao comprender tódolos contidos de cada curso, o alumnado que na 3ª avaliación acade polo menos un 5, terá aprobada a materia na convocatoria ordinaria de maio. O departamento acorda que a nota da avaliación final non poderá ser inferior á acadada polo alumnado na 3ª avaliación.

O departamento considerará que o alumnado supera a avaliación cando obtén un resultado positivo na proba ou probas referentes aos contidos da mesma. O departamento establece que o alumnado debe acadar un 20%, polo menos nos contidos de Reading, Use of English e Writing para poder facer media con todas as partes.

O profesorado poderá rexeitar calquera parte das probas ou de calquera tarefa realizada polo alumnado que presente unha caligrafía ilexible ou cando teña indicios razoables de que o alumnado actuou de xeito deshonesto na realización da mesma. Calquera traballo que sexa considerado como non de elaboración propia non será tido en conta como instrumento de avaliación. Ademais, o alumnado terá que realizar todas as partes das distintas probas. Se deixa un ou máis apartados en branco, o profesorado poderá considerar isto como se se tratara de abandono dunha das partes e polo tanto considerárase Non Apto. En tal caso, o alumnado podería acadar a cualificación máxima de 4, independentemente do que sumen as partes.

A non realización das probas ou tarefas suporá a cualificación mínima correspondente a cada curso no trimestre correspondente ou de toda a materia se se producise na terceira avaliación.

A non asistencia a algunha das partes será cualificada cun “0” salvo que o motivo da mesma estea totalmente xustificado. Neste caso, debe comunicarse ó profesor/a correspondente con antelación. Se isto non fora posible, terá que facerse o primeiro día de incorporación do alumnado ao centro. En ambos casos deberá presentar ó seu profesor/a a xustificación por escrito que demostre o motivo da falta de asistencia. A partir dese momento, a realización da proba levarase a cabo no día e hora que o profesorado o considere máis oportuno e menos entorpeza o desenvolvemento das actividades educativas planificadas.

Dado que no NOFC do centro está recollida a prohibición durante a xornada escolar do uso de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos, antes de que comece un exame o profesor/a pedirá ao alumnado que apague os seus teléfonos móbiles e os poñan enriba da súa mesa, ou ben que os deixen na mesa do profesor/a. Non poden ter o móbil acendido e ao seu alcance cando estean a facer unha proba ou tarefa. Esta regra é extensible a calquera outro aparello electrónico que traian a clase (iPad, smartwatch...). Se o alumnado é collido facendo uso do móbil ou outro aparello electrónico durante un exame, non poderá continuar facendo o exame e a súa conduta será sancionada seguindo as normas do NOFC do centro.

O alumnado debe ter as orellas despexadas durante a realización de exames . Antes de cada exame comprobaremos que o alumnado ten as orellas despexadas (o pelo vai recollido nunha coleta, non leva gorro ou gorra...). Se algún alumno ou alumna se nega a cumprir esta regra, non se lle permitirá facer a proba ou tarefa nese momento.

Todo o descrito neste apartado en canto a regras para a realización das probas, tamén será aplicable á “proba de recuperación extraordinaria” descrita a continuación nos criterios de recuperación e ás “probas para a recuperación de materias pendentes”.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa nun trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 no seguinte trimestre, sen necesidade de repetir probas.

O alumnado que trala realización das probas da terceira avaliación non consiga superar a materia correspondente ao curso, terá a posibilidade de realizar un exame de recuperación final que terá lugar durante o mes de xuño (nas datas fixadas polo profesorado). Teremos en conta a diversidade do alumnado para a elaboración desa proba.

A cualificación final desa proba será ponderada da seguinte maneira:

1. Use of English (coñecementos de léxico común, estruturas gramaticais, morfossintácticas e discursivas, os patróns acentuais, rítmicos e de entoación, e as convencións ortográficas de uso común): 40%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

2. Reading (comprensión escrita): 20%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

3. Writing (producción escrita): 20%

Instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbricas/guía de corrección.

4. Listening (comprensión oral): 10%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

5. Speaking (producción oral): 10%

Instrumentos de avaliación: proba oral, observación na clase, rúbricas/guía de corrección.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

Se o alumnado non acadou unha cualificación positiva (5 ou superior a 5) na segunda avaliación do curso actual, terá que realizar unha proba extraordinaria en maio na data asignada por Xefatura de Estudos.

As porcentaxes de ponderación que se aplicarán nesa proba extraordinaria de maio serán as seguintes:

1. Use of English (coñecementos de léxico común, estruturas gramaticais, morfossintácticas e discursivas, os patróns acentuais, rítmicos e de entoación, e as convencións ortográficas de uso común): 40%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

2. Reading (comprensión escrita): 30%

Instrumentos de avaliación: proba escrita.

3. Writing (producción escrita): 30%

Instrumentos de avaliación: proba escrita, rúbricas/guía de corrección.

O alumnado coa materia pendente do curso anterior de non superala na 2ª avaliación do curso actual ou na proba final de maio, aínda terá a posibilidade de aprobar a materia pendente se acadou unha cualificación positiva na 3ª avaliación do curso actual. De non darse ningunha destas circunstancias e de seguir coa materia pendente despois da avaliación ordinaria de xuño, o alumnado realizará actividades de recuperación no mes de xuño e poderá facer unha proba de recuperación da materia pendente en xuño. A ponderación desta proba final será a mesma que na proba de maio (xa recollida neste apartado). Ademais, o alumno/a terá que realizar todas as partes das distintas probas. Se deixa un ou máis apartados en branco, o profesor poderá considerar isto como se se tratara de abandono dunha das partes e polo tanto consideraríase Non Apto. En tal caso, o alumno podería acadar a cualificación máxima de 4, independentemente do que sumen as partes.

A non realización da proba de maio ou xuño suporá a cualificación máxima de 1.

A non asistencia a estas probas debe comunicarse ao profesor/a correspondente con antelación. Se non é posible, terá que facerse o día da mesma. En ambos casos deberá presentar ó seu profesor/a a xustificación por escrito que demostre o motivo da falta de asistencia. A partir dese momento, a realización da proba levarase a cabo no día e hora que o departamento considere máis oportuno.

O profesorado poderá rexeitar calquera parte da proba que presente unha caligrafía ilexible ou cando teña indicios razoables de que o alumnado actuou de xeito deshonesto na realización da mesma.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X		X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X		
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X			X	X		
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X		X
ET.8 - A educación para a saúde		X	X	X		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X		
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.					X	X		X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X		X		X		
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X		X	X		
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres							X	
ET.14 - Redución das desigualdades				X	X			
ET.15 - Traballo decente e crecemento económico				X				
ET.16 - Cidades e comunidades sostíbeis							X	
ET.17 - Paz, xustiza e institucións sólidas						X	X	
ET.18 - Produción e consumo responsábeis								X
ET.19 - Enerxía accesíbel e non contaminante								X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	
ET.6 - A igualdade de xénero.	X
ET.7 - A creatividade.	
ET.8 - A educación para a saúde	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	

	UD 9
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.13 - Vida de ecosistemas terrestres	
ET.14 - Redución das desigualdades	
ET.15 - Traballo decente e crecemento económico	
ET.16 - Cidades e comunidades sostíbeis	
ET.17 - Paz, xustiza e institucións sólidas	
ET.18 - Produción e consumo responsábeis	
ET.19 - Enerxía accesíbel e non contaminante	

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso. Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebracións de festas e tradicións de países de fala inglesa.	O alumnado terá a oportunidade de traballar sobre festas típicas de países de fala inglesa (Halloween, Christmas, etc.). Poderán comparar esas celebracións e tradicións coas súas propias, fomentando a interculturalidade.	X	X	X
Proxección de material cinematográfico ou televisivo en lingua inglesa.	O alumnado poderá gozar de material artístico en lingua inglesa, facendo despois unha posta en común das impresións suscitadas.	X	X	X
Saída lingüística sociocultural polas rúas do pobo.	O alumnado poderá coñecer mellor o pobo onde está o instituto e, ao mesmo tempo, amosarllo á auxiliar de conversa coa que contaremos neste curso.	X	X	X
Participación en programas de inmersión lingüística convocados pola XUNTA ou o MEC.	Digital Week, Spring Week...		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Metodoloxía empregada
Proporciono información ao alumnado sobre o seu desempeño nas actividades propostas, ofrecéndolles pautas para mellorar.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que o necesite.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Clima de traballo na aula
Fomento a animación á lectura e estratexias de compresión escrita.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Usaremos cuestionarios que inclúan estes indicadores tanto para o profesorado como para o alumnado, coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.
O grao de consecución será: Sempre /Habitualmente/ Ás veces/ Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos. O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados